

Outros destinos anteriores	Anos	Meses	Días

Titulos académicos

.....

.....

.....

.....

Conhecimento da lingua galega	Fala	Escribe	Entende

Outros méritos que deban facerse constar de acordo coas bases da convocatoria

.....

.....

.....

.....

.....

Outros méritos que o/a candidato/a desexe facer constar:

(Lugar, data e sinatura)

Conseleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*Corrección de erros.-Orde do 7 de xuño de 2007 pola que se convoca concurso de méritos específico entre funcionarios de carreira do corpo de mestres para cubrir, en réxime de comisión de servizos, postos de escolarización a alumnado de atención preferente.*

Advertido un erro na referida orde, publicada no DOG do 14 de xuño de 2007, cómpre facer a seguinte modificación:

No anexo I, debe retirarse a praza do CEIP Manuel Respino da Rúa en Ourense.

**CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS**

*Orde do 21 de xuño de 2007 pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, de varios postos vacantes nesta consellería.*

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, de varios postos de traballo vacantes na Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, por Orde do

30 de marzo de 2007 (*Diario Oficial de Galicia* nº 73, do 16 de abril), esta consellería, no uso das facultades e atribucións conferidas pola Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, e os artigos 16 e 17 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna,

**RESOLVE:**

Primeiro.-Adxudicarlle destino nos postos de traballo que se indican aos/ás funcionarios/as que se expresan no anexo desta orde.

Segundo.-O cesamento no actual destino dos/as funcionarios/as que obtiveron praza producírase no prazo de tres días, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Se na data en que deben cesar no seu destino, os/as funcionarios/as disfrutan dun período de licenza, vacacións ou permiso, o prazo para efectualo empezará a contar a partir do día seguinte ao da súa incorporación.

A toma de posesión da praza adxudicada deberase realizar no prazo de tres días a partir do seguinte ao do cesamento, de tratarse da mesma localidade na que actualmente prestan os seus servizos os/as funcionarios/as, ou no prazo dun mes, de tratarse de distinta localidade, conforme o establecido nos artigos